



## CONVOCATORIA DE REUNIÓN ORDINARIA DO CONSELLO SECTORIAL DE ENSINO, INFANCIA E MOCIDADE DE SADA

---

**Nº de reunión ordinaria:** 1/2017

**Data:** 7 de xuño de 2017

**Hora:** 20:00h.

**Lugar:** Salón de Plenos municipal

Quedan convocadas a esta reunión todas as persoas e entidades integradas no Consello Sectorial de Ensino, Infancia e Mocidade de Sada, constituído o 25 de abril de 2017. Aquelas persoas ou entidades interesadas na participación sobre algún dos puntos da orde do día desta reunión, pode facer a súa achega empregando o Rexistro Municipal, escribindo á conta de correo electrónico [participa.sada@gmail.com](mailto:participa.sada@gmail.com), ou solicitar a súa asistencia a esta reunión empregando estes mesmos medios de contacto.

### Orde do día:

1. Realización dunha diagnose interna que sirva como punta de partida para coñecer máis en profundidade catro aspectos concretos:
  - Cal é a oferta das entidades de Sada en relación á temática deste Consello.
  - Cales son as demandas e necesidades que estas entidades precisan e formulan ao Concello.
  - Cales son as necesidades e demandas da Administración municipal cara ás entidades.
  - Cal é a oferta do Concello en relación á temática deste Consello.
2. Dotación/Creación dun local exclusivo para a mocidade local (con contido e servizos dirixidos a este público, e demandado por el mesmo).
3. Activación do Consello Escolar Municipal.

**Concello de Sada**

**Avenida da Mariña, 25, 15160 Sada (A Coruña)**

**Tfno: 981920075**



Na sesión de constitución deste Consello acordouse dar prioridade ao tratamento dos tres temas anteriormente sinalados. Se por razóns de tempo fora posible poderán ser abordados tamén os seguintes temas, mais en caso contrario, quedarán pendentes de tratamento para seguintes reunións:

1. Dinamización e adaptación de equipamentos municipais para a xuventude e a infancia: horarios da piscina, biblioteca e espazos para o estudo, etc.
2. Diagnose e programación de actividade para a mocidade, que fomente a actividade deportiva e o ocio saudable, mediante o emprego de ferramentas de participación xuvenil.
3. Abordar a igualdade de oportunidades por razón de xénero, actitudes sexistas na mocidade, acoso escolar, comportamentos e condutas de adicción, por exemplo, ás novas tecnoloxías.
4. Conciliación da vida persoal, familiar e profesional das familias.
5. Varios.

**Concello de Sada**

**Avenida da Mariña, 25, 15160 Sada (A Coruña)**

**Tfno: 981920075**